



## Concello da Coruña

ANUNCIO de información pública sobre a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal no ámbito do Polígono M22 “Parque do Agra”, para a execución da sentenza Núm. 620/2015 (expediente DPE/2025/56)

O Pleno do Concello, na sesión que tivo lugar o 14.05.2026, acordou aprobar inicialmente o documento denominado “Modificación puntual nº 27 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña no ámbito do polígono M22 ‘Parque do Agra’. Documento para aprobación inicial. Abril 2026”, presentado por Dricar de Inversiones S.L. o 05.05.2026, redactado por Fernández Carballada y Asociados, S.L.P. e asinado polos arquitectos Álvaro Fernández Carballada e Beatriz Aneiros Filgueira, cos números de COAG 1047 e 2137, respectivamente.

En cumprimento do artigo 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 144.6 e 207 do seu Regulamento (Decreto 143/16), o expediente sométese a información pública polo prazo de dous (2) meses, contado desde o día seguinte ao da última das publicacións deste anuncio, no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión na provincia, para que calquera persoa poida examinar a modificación puntual e formular as alegacións que procedan.

De conformidade co acordo do Pleno do Concello de 31 de xullo de 2025, polo que se aprobou o convenio urbanístico de planeamento para a execución da sentenza número 620/2015, do 15 de outubro, ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, relativa ao POL M-22 “Parque do Agra” do Plan Xeral de Ordenación Municipal, faise constar que o citado convenio, asinado o 20 de xuño de 2024 e identificado co código CSV 3I1G0D4017491N400C0W, forma parte da documentación integrante do documento técnico sometido a información pública, polo que a súa exposición ao público realízase conxuntamente coa presente modificación puntual, de conformidade co disposto no artigo 402.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia.

A documentación estará á disposición no taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña e no Visor de desenvolvemento do planeamento, accesible a través das seguintes ligazóns:

<https://www.coruna.gal/urbanismo/es/informacion-y-normativa/exposicion-publica/detalle-info-publica/aprobacion-inicial-mpgom-pol-m22-parque-del-agra/contenido/1453918300165>

<https://ide.coruna.gal/visorPlaneamiento/>



## Concello da Coruña

Así mesmo, poderá consultarse presencialmente nas dependencias da Área de Planificación Estratéxica do Concello da Coruña, situadas no Palacio Municipal de María Pita (praza de María Pita, 1), das 9:00 ás 13:00 horas, de luns a venres, mediante cita previa, que deberá solicitarse no teléfono 981 18 42 00, extensión 10241.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A alcaldesa

P.D. (Decreto 3531/2024, do 19 de xuño; BOP núm. 123, do 27 de xuño)

José Manuel Lage Tuñas

Concelleiro de Economía e Planificación Estratéxica